



“Como farol sombrizo entre dúas canículas”

. RELATO INÉDITO DE BELÉN FELIU

Lisboa, Xullo de 1938

Manterán os homes sabios que o azar non existe. Que non pode existir nun mundo gobernado polo deus único. Que todo está escrito dende os tempos inmemoriais. Tal dirán.

Porque o azar non existe, hoxe estou de novo en Lisboa. E pola mesma razón non podo evitar verme chegando a este porto hai tres anos. Xusto tamén no mes de xullo. Xullo do trinta e cinco.

Véxome leda apoiada na varanda do barco, anxeiando terra tras cruzar as augas. Véxome naquel tempo irreal tornando á miña decrepita Europa, esta que hoxe xa non está decrepita senón habitada polos ventos da loucura invasora e demoledora. Eu vina ben disposta para frecuentar as vellas amizades no medio do meu espírito lixeiro. Hoxe, pola contra, espero escapar de Lisboa porque eu si presinto os campos cheos dos que no seu día non puideron dar creto. Dos que cegaron ante a barbarie. Dos que non creron no muro do fascismo que anda a nos cernar e seguiron cara adiante. Atónitos co croque final.

Eu, que vivo do xogo, creo que o azar a penas existe na copa do meu chapeo.

Daquela viñeira en barco.

Sucedede que con frecuencia teño pensamentos ou fragmentos de conversas que como frases roubadas a non sei que monólogo alleo viven en min, sacadas dun contexto ignoto mais que posúen o eco, a resonancia verosímil e nítida do real. E así, mentres o transatlántico me traía para Lisboa sorprendeume, apoiada na cuberta, ou no restaurante pequeno, unha teima que insistía en que o único traballo de Agatón consistía en estirar as sombras cara ao poñente. Como quen pasa o rolete estirando a masa no atardecer.



E, en efecto, algo envolvera en sombras o vello continente. Recordo aquel desembarco atrapada polos calafrios que percorrían o porto. Pasaría aquel primeiro mes collendo terra entre Vigo e Lisboa por ver de ir atopándome. Dos últimos tempos tiña a desagradable sensación de viaxar demasiado, e viña cun profundo desexo de acougar, de quedar na casa . Tras todo o esforzo de comprensión e desenfreo que esixen, hoxe en día, as Américas, eu só devecía por un pequeno casino do que abastecerme, e moito, moito lecer.

En canto puxen os pés nesta lastrada extrema Europa vin o continente airado. Vin un Agatón, dous, tres, concretos, personificados a estirar as sombras. Vin múltiples Europas a recoller e cultivar no xardín de cardos coa ilusión, ou coa inconsciencia, das parcas. Tan larpeiro porvir de ratas. Tantos tipos de rata a abater Europa coma tipos de parasitos a ser engulidos, mimados, utilizados. Pensarán que hoxe é fácil, preto xa o final da década, contar a miña chegada e pasar por ter dotes de adiviña. Pero o xogo todo estaba á vista. E tornou a teima, e naquela Lisboa pensei que Agatón non podería levar máis ao poñente a súa negra sombra.

Mais non quero xogar con avantaxe, por iso limitareime ao visto naquel xullo do 35. Tentarei de aterme a esa Lisboa que xa non é a de hoxe. Na pel, ao chegar, sentín o inverno a confeitar as súas xélicas cachas aquí e acolá no medio do verán. Non só as xentes no peirao apuradas, medoñentas pero aliviadas polo barco que chegaba e no que contaban embarcar. Baixo o ceo azul profundo do xullo lisboeta calaba unha capiña de xeo nos xestos e nas novas de Alemaña que chegaba aos osos. Eu ignoraba que o calafrio había de ser a sensación máis recorrente nos próximos tempos. A máis benévola das sensacións paralizantes. Mais nada é tan absoluto; eu cheguei a Lisboa e tal como facía sempre nesta cidade, reservara habitación no Hotel Metrópole. Quería ter a festa que é sempre o Rossio baixo o meu balcón modernista e sen dar-me tempo a saber se era día ou noite tirei para as rúas, para dar en Alfama e embriagarme do coñecido, no medio e medio da barriada.

A vida é cortés en Lisboa, sopesada. As formas, as benditas formas, tan coidadas para viren eu das Américas que atopaba os meus ademáns torpes, impulsivos, tan transparente eu toda. Non esperaba máis alá dos fados. Que sempre me durmiron nun lugar coñecido. A perversión medoñenta, queixosa do fado, que me sumía no ritmo lento que non marcaba a Europa. Os viños densos que me illaban tanto como o fado das noticias que me esperarían.

E durante varios días andei anestesiada de rúas, de morriña de barrio, para sacudirme a anestesia dos dados. Os dados que caían no gobelete, de tres, imperceptibles sobre o tapete, nese mínimo espazo de pradería irreal, marcados inmóbiles pola forza da lóxica. Xogando co azar da razón: a matemática que fala do necesario da probabilidade. E sen embargo educáranme na negación do azar. Eles, que todo o sabían do número e da cantidade, só admitían a cabeza, e as mans. Estou afeita a construír un meu historial como se falase por boca doutra persoa. Busco nesa fascinación polo xogo que me vén tan de vello que non consigo data-la. Diría que nacín para ser xogadora, para deixarme subxugar polo xogo, esa intelixente forma de alienación. Ao principio eran todos os xogos, logo empecei a entrar en sutilezas, en preferencias por aqueles prácticos en marear no medio da indefinición do azaroso. Por iso empecei a interesarme pola matemática: variacións, combinacións e permutacións. Cálculo de probabilidades, transformadas en riscos. E o risco levou-me a unha introducción na materia da que están feitos os soños. Tan desarmante a materia fronte



ás posibilidades infindas da especulación. E o máis difícil de todo foi aprender a non paixón: xogar só coa ousadía e a intelixencia desterrando o desexo e a metafísica.

De seguida abandonei a ruleta. Porque a ruleta ten como finalidade esencial hipnotizar parvos no seu rular para que non vexan a xeometría do tapete verde no que se plasman os caneos. Todo o que non vai ser. A inmensa pradería libre para a banca. A ruleta non é un xogo, é pura hipnose, ou á ruleta non se xoga, ela xógate. A ruleta é pura veleidade na que non existe un suxeito que farolee, discorra, dispute ou arrisque. É un xogo para mortos, corpos viraventos a deixarse arrastrar en círculos concéntricos. Aínda que existe a maneira de se manter ao pairo, indo ao cincuenta por cento, que xogo é ese para un xogador?. Recoñezo que fai bonito, que está ben para os pagáns, que crea clima e ruído de fondo para distraer das mesas nas que se xoga de verdade. O espazo é atractivo, un grande e rectangular fiadeiro no que perder a mirada, cos croupiers de brazo longo elegante. Puro escenario. Sen embargo eu devezoo por esas mesas pequenas de xogo concentrado. Adoro o póker, a cara de póker, sexa con baralla ou con dados, todas as formas de mentireiro, e sobre todo ese xogo chamado en certas latitudes AO Chicano@, tan recidivante. O mundo do ser e do non ser, velaí auténtica escenificación, a arte das máscaras debaixo das máscaras infinitas, a creación de mundos a partir da nada ou dun todo maravilloso que xa nos caeu na primeira man como cae un día de sol no medio do inverno, que só un coñece e que todo deus quere sospeitar. Nunca serei máis eu que cando teño ese xesto controlado, tan estudiado. Experta como son en ser ás veces tan feminina, ou tan displicente, ou asexuada ou tímida ou varonil no xogo, insegura, franca, despreocupada, lercha e desleixada. Tan medidas e estudias as miñas interpretacións como aparentemente naturais, improvisadas. Ante isto ¿que pode a pura impredición dunha ruleta? O mais maravilloso do xogo é xogar o xogo de estar xogando. Cun tapete diante son unha e dez mil mulleres distintas que xogan a baza do meu sexo nun mundo tan masculinizado. Case todos os homes xogan lastrados polo apotegma do que é inimaxinable para eles. Eu aproveito esa baza para ser pérfida, inverosímil e antinatural. Cando alguén quere decatarse do que ten diante xa non ten fondos, xa está máis que arruinado. Eu non deixo de asombrarme da facilidade coa que levo as miñas costas cargadas de cadáveres. Desexo esa partida infinita en fondos e en tempo. Xogar ata desbanco os límites do humanamente soportable. Xogar ata a extenuación, e non por gañar senón por ganarlle a partida ao infinito. Esgotar as posibilidades de combinación das combinacións, rebentar na mesa ata vencer ao xogo. A calquera xogo. Horas e horas que fagan unha continuidade sen día nin noite. Adelgazar o corpo para que só queden mans e ollos ardentes, máis rápidos que a velocidade do azar. Intrépidos movementos que a penas rozan a verde pradería da partida da eternidade.

Eu forxada entre dúas augas, facendo o balance entre dúas Lisboas: velaí o azar.

Trinta e cinco, trinta e oito: cando os números non teñen xa maxia algunha.

Aínda que quixese atermo ao pasado non podo evitar que este mesmo escenario lisboeta me leve unha vez e outra ás comparacións. Dous tempos que non paran de colocarse á par para ser medidos na súa diferenza. A reincidencia coa que retornan todos os veráns da miña vida. Xusto antes e despois de que as ondas traidoras executen a súa sentenza. Na soleira sombriza desta casa sen portas. Na Europa avesía.

E cumpriume abandonar algo Lisboa. Lisboa a pracenteira. Para nada me urxia achegarme ao Balneario de A Toxa, pero ao pouco de chegar marchei para Vigo levando un imprescindible e deixando os baúis na habitación que alugara por unha quincena no Hotel Metrópole.



Porque estas datas, o verán en xeral, lévame ao aire azul da ría de Vigo, á luz dos seus areais.

Estar, estaba ben provista de fondos. Non sabía canto pois o certo é que no barco só xogara para pasar o tempo. Distráidamente. Por forte que sexa a sensación, o mar aberto satura cando a inmensidade xa foi mil veces pensada e comentada coa metade da pasaxe. Xoguei, xa que logo, por puro tedio. E aínda así os beneficios eran espectaculares. Ha ser deformación profesional.

Non sabería por qué collín billete a Lisboa en vez de collelo directo para Vigo. Si o sei. Baixo algunha das capas de disimulo.

A fin de contas eu onde tiña que ir era a París e sobre todo a Viena, polo dos asuntos do tío Félix. Nisto nin pensaba. Xa chegaría, acababa de poñer os pés no continente despois dunha década. Xa chegaría.

Pero unha vez en Vigo non sabería moi ben por que deixara as maletas en Lisboa. Querería non telas deixado aló porque este era o mellor síntoma da miña covardía. Da falta de fe no que facía, e os baúis deviron obsesión. O ollo sintomático. Estando en Vigo, case desexaba escapar á noite nunha avioneta, rescatalos, e estar á mañanciña de volta en Vigo, coma se tal cousa. Tamén podería facermos enviar dende o Metrópole pero entón a persoa amada sabería da miña covardía, e da miña previsión. Vería como eu deixara as miñas costas protexidas, Lisboa sería o que é: o lugar de refuxio referencia. Eu non chegaría aos brazos amados coma unha nómade real que renuncia ao nomadismo. Eu só sería unha medoñenta inmigrante estacional. Péndulo. E así, como podería ousar afirmar estar tola de amor, desexo impaciente, cando resulta que deixara moi cautelosamente os meus baúis nunha habitación alugada ata fin de mes en Lisboa? Se eu facía chegar os meus baúis, non habería coartada que me salvase.

Por fortuna o amor non só é cego... E fun crida. Xuraría non xogar máis. E como todas as miñas afirmacións, esta tamén formaba parte do xogo.

Mirar o sol que se filtra entre as persianas. Ler nas costas liberadas dos vurullos de sabas a mensaxe que a luz do verán teclea en morse. Punto raia. Raia raia raia. Punto raia punto.

Esta traizón toda sería Vigo. Palabra bárbara de arestas afiadas, case tanto como a palabra ACaín@.

Coa complicidade da luz que se filtra polas xuntas da persiana asinaría nas costas amadas: Raia punto raia punto. Punto raia. Punto punto. Raia punto.

Aceptar os recados do tío Félix era exactamente igual que o asunto dos meus baúis en Lisboa.

Se por unha vez contestase con honestidade por que regresei a Europa, a resposta tería que ser que cheguei para recuperar Vigo. Agora que son adulta en sentimentos, diría que tornei para vivir un amor verdadeiro, o único que coñecería na miña vida. Velaí a razón única. O amor que a inconsciencia e o pavor me impediron vivir con autenticidade noutrora.

Pero como son a persoa máis falsa que coñezo, de seguida revestín a miña embaixada baixo a forma desas encargas familiares que eu había de resolver entre París e Viena. Eu viña comisionada. E chegara a Vigo agachada tras as miñas obrigas, e o único



compromiso vital para a miña felicidade esvaeceíase baixo os poderes que o tío Félix me dera para vender as súas propiedades vienasas. Porque son incapaz de camiñar en liña recta xamais separarei o si do non. Porque me movo co impredecible sentido do voo das moscas. Porque comparto a esencia das voandeiras nese fondo mariño de areas que é o meu pensamento.

Sen embargo o tío Félix louvará de por vida a dedicación e resolución da súa sobriña predilecta, que atravesa océanos para coidar dos seus intereses. E no centro do círculo dos seus amigos, vellos e ponderados, dirán que os tempos cambian pero que a tradición permanece porque a xuventude tamén sabe ser responsable e valente. E eu escoitarei durante o resto da vida o relato da miña arriscada travesía europea, en tempos tan avoltos, e serei a heroína dunha miña historia que co tempo deixará de resultarme allea. E terei unha doa máis que engadir no meu colar de traizóns. Que escintilará nos ollos dos máis pequenos, sentados arredor do vello tío Félix que non parará de engaiolalos coas súas historias. E acompañaraas da música trágica e grandilocuente de Malher, da música que dá traballo a todo o gremio, da música xenerosa como un novo rico, dilapidadora nos seus medios desbordantes. Acompañará o relato coa música do seu propio desgarrado vienés. Do músico que, desbordado de Alma, mellor expresou aquel pecado imperdoable de sabernos condición. A música que compensa o burato infinito coa desmesura desa orquestración que agranda o baleiro no que vivimos. Por iso, ou grazas a iso, as miñas aventuras terán o carácter épico de todo canto é falso, sendo, parcialmente, de todo punto verdadeiro.

E os pequenos ollos verde oliva do tío Félix coruscarán pola forza da súa fe, pola cegueira dese amor que sempre me regalou. E todo canto de min saiban as futuras xeracións estará tecido coas súas verbas xenerosas, que nos constrúen como os suxeitos impecables que xamais fomos, coa coherencia do discurso espiral dos midrash, co mesmo respecto polo principio da identidade da hermenéutica umbilical.

Se cadra tamén, o auténtico determinante da miña viaxe foi o asunto de Chicago. 4Ai, Chicago! En fin, a veracidade desta historia obrígame a repensar Chicago dende este extremo de Europa, cando o lume do vivido nos últimos anos converte en reliquia kitsch ese nome de cidade adurmiñado na prehistoria. Chicago, prescindindo do tópico, sempre foi para min unha cidade excesiva. Mesmo daquela, no medio e medio da resaca da Depresión.

O sucedido en Chicago non debiera ir máis alá do anecdótico e sen embargo, alí a miña vida de xogadora deu un xiro copernicano. En todo caso, o único reto que eu non tiña previsto presentouse. E eu críame ata daquela experta no inexpugnable. Foi tan parva a situación que por vez primeira fun asaltada.

Naquel casino de Chicago eu estaba tan ben concentrada na fortuna que levaba gañado que non esperaba a resposta do dono do casino, Mike Teufel. Por suposto que para nada era necesario facer o que el fixo. Que nada, nin sequera o cuantioso da miña ganancia, xustificaba a súa intervención para retarme e apostar o propio casino, nada senón a perfidia de anular o único que a min me pode importar: o xogo. O futuro do meu ser. E fíxoo sabendo que eu gañaba, que non podía perder.

Porque é certo que para min sempre houbo eses obxectos de desexo: sempre anceiei as bancarrotas, as ruínas, as desbancadas. Aínda que non tanto por posesión senón máis ben por todo o contrario: polo feito de desposuír, de espir, de levar o xogo, un algo coase satánico que visaba a arrebatarlle o folgo á vítima. Non negarei que fun insensible ao máis prezado nin que é inmoral a miña colección voluptuosa de posesións e pertenzas.

Pero en Chicago a situación eran tan trivial coma inesperado foi aquel estrondo de mil gueivotas. A mesa, de golpe viuse rodeada dun corro de miróns contendo as gralladas,



mentres os ollos brasa de Mike me retan co brillo mefistofélico do perdedor gañador. A espada flamíxera.

E retireime do xogo a pesar de ter a baza perfecta, a baza cen por cen gañadora, pero, que podía facer eu cunha casa de xogos?. Que sería de min se me colocaba do outro lado da barreira? Non se pode ser cormorán no medio e medio do rolda das gueivotas. Nunca máis poñería as miñas asas a secar nun con solitario no medio do mar

Chicago foi a coitelada que me fixo consciente: necesitas do teu veneno para seguir a ser un escorpión. En Chicago mastiguei as areas que fixeron renxer os meus dentes. Por vez primeira renunciei ao máis arelado, souben do límite do ilimitado. Un amor desamarrado levoume ao amor desasistido. E tornei para Europa para ser a cómplice inconsciente do asasinato de toda forma de amor.

Os animais que somos quen de suicidarnos: velaí o criterio da evolución.

Tal foi o asunto de Chicago: esa intrusión da metafísica, o cambio imposible no estatus do ser.

Tamén estaba Vigo, confeseino, e a Viena do tío Félix, todo cidades que me dominan como a paixón polo xogo, todas cidades-personaxes da miña vida; non teño lugar no planeta, unha xogadora xamais ten referencia. O nome dunha cidade circunscribe para min máis historia que calquera dos seus habitantes. Cada cidade permite que suceda no seu recinto só o que é propio dela. O que lle pertence. O que foi vivido en Viena ata a aniquilación. Só elas sobreviven, superan e explican a contradición entre o posible e o sucedido. A nosa vida nelas non superará xamais un nivel de complemento circunstancial. As cidades existen para ser respiradas, inhaladas polos que deambulamos nelas. Polos que as pensamos na medida en que permiten ser pensadas. Por iso a palabra AVigo@ será sempre o nome amado que non ouso pronunciar. Toda cidade é un farol.

As cidades son como a matemática, que cando se traizoan desmesúranse. Sorprenden coma ningún ser vivo podería sorprenden. Non deberan existir os soños se non son para ser soñados. E, por que habíamos de falar da gota que colma en vez de catar as miles e miles de gotas que estamos a aturar dende que temos memoria?

Será tamén farol esta praza do Rossio que contemplo. E a mesiña de mármore na que apoio o brazo dereito. O certo é que só o lixeiro tremelicar da copa que sosteño traizo a disimulo: Na cabeza bombea a intervalos cardíacos o enunciado: AEstou en Lisboa-Estou en Lisboa@. E no centro centro do Rossio vira o carrusel do punto e aparte. E a raza de todos os cabalos é da mesma caste ca do libro da Apocalipse. E a cada volta te $\frac{1}{2}$ o ante os ollos as dúas Lisboas ensarilladas polos abismos frecuentados nos últimos tres anos. E estaba, entón cando cheguei, esta desgracia pero eu non quixen mirar a dictadura que parasitaba aquela Lisboa amable, e nada vin, imantada polo estío que coruscaba da outra banda da raia, no Vigo republicano.

Non necesito dicir que xamais debín deixarme acompañara a Viena. Mais existen eses momentos nos que parece que nada malo pode suceder, no que os cadáveres sempre son alleos mentres circulamos inmunes polo medio da barbarie. Cremos dominar a situación cando xamais saberemos que é tal cousa. Das moitas formas de arrogancia a máis suicida e infantil é confundir a habilidade de safar co poderío. Esa estupidez que calamos ao non explicitar a irresponsabilidade da vítima -es muss sein!- mentres consolamos (4como consolarían os deuses!) aos seus achegados.

Unha vez máis, sigo sen saber por que o meu amor quixo achegarse onda min para desaparecer no caos. Moito axudou que, tan parvamente, se fixera pasar por alguén da miña familia cando viñeran os lobisomes. Esa fatídica inconsciencia que só alguén nado



e criado en Vigo pode ter. Tras un aventurado pescudar tiven a certeza de que o meu amor foi devorado pola fauces de Bomarzo. Mais nada quixen saber. Nin o máis miserento detalle da ruindade. Non hai mellor amor que o amor morto porque, queimadas as cinzas que puideron traizoar o deliberatum do seu pasamento, a perfección é posible. E o meu desideratum acochou o desexo nun lugar ignoto e non vulgar, tan esteta, tan impecable. Por iso, nunca xamais haberá morte tan soberbiamente amada.
Inenarrable de por vida.

Nunca saberei ben cómo dei chegado a Zürich. Nin cómo o zombie que me representaba conseguíu tramitar todos os papeis. As caras todas que vin polas rúas de Zürich tiñan o meu propio xesto desconfiado mentres pousaban nos mostradores os valores conservados por milagre nos fondos dos abrigos esfiañados.

E agora, o carrusel do Rossío vira a ritmo de cabaré berlinés. Lobisomes e oficiais, cada quen no seu cabaliño estiran o brazo para brindar co compañeiro pola gloria do terceiro Reich. Prost, fofido prost.
Mentres tanto, as mesas de mármore do café do Hotel Metrópole están ocupadas polos débiles incrédulos da Europa. Todos contemplamos a escena coma se fosemos autistas pero tamén todos levamos unha man gardada nun peto para seguir a acariñar o visado e o billete que tramitaremos mañá. Calquera observador de pouco gusto dirá que fuximos coma ratos.

Alch bin die fesche Lula@, e a pesares de non querer entender as palabras, estou dominada polas resonancias desta fala tan semellante á vella de padre, tan estraña á música da fala vella do tío Félix, ese meu tío materno e tan materno, que sempre mirará coa fachenda de estar antes, que non por riba. Estou, coma todos aquí, posuída pola música de cabaré para tempo de anegamento, pola música champan, música viños brancos ácidos e frescos nos que afogar presentes tremebundos, nos que cubrir os veos do futuro imposible mentres se dilapidan fortunas arcaicas, nómades, atesouradas por xeracións traballosas e precavidas. Esas fortunas que eu gustaba de vampirizar nos casinos, aquelas xoias da chamada aristocracia rusas, que eu gozaba especialmente en honor á displicencia coa que permitiran cando non fomentaran, os pogroms. Hoxe, mendicantes, son eles os que escapan do lugar común que crearon: labregos mortos e terratenentes bravos, aristócratas decadentes e corruptos fascinados polo charme e savoir faire alleo que sempre se compraceu en desprezar canto envexaba, ata a aniquilación.

Penso que non debera poder escoitar nada emparentado coa lingua alemana, coa lingua do asasinato, da aniquilación. E sen embargo as cantarelas cantan nas miñas orellas, co acordeón incluído, con toda a canalla prostibularia, con todos os homes sádicos e devoradores. Primitivos.

Hoxe todo ten a realidade do dominio do posible. Canda dominio pechado. Cos límites matematicamente marcados. Como a Bolsa. Vellos xogos. A partida lenta e tediosa que está a xogar a Europa. Coas vellas cartas sempre sorprendentes na combinación do pánico. Posuída polos demos de toda a vida. A disimular o escándalo inmemorial.. Quen xoga xamais se as cartas xa nos veñen dadas e se impoñen pola lóxica dos precedentes? Tan sen ases coma onte. As veces imaxino que o pasado sempre padeceu de amnesia progresiva e que vexeta na calvicie dun arquivo sen fondo.



Se eu montase neses cabaliños desmandados escoitaría o son das fichas do meu bolso de noite. Ouro líquido a escapar das mans alleas para dar no meu crisol. Para esculpir a miña figura amarga. E non recordaría que para perder a miña sombra tornara a aquel imperio no que non se puña o sol, e que hoxe é todo el imperio das sombras, todo el avesedo. Ignoraría que non haberá correo nin emisorio que volva a depositar as pétalas-maravillas aos meus pés. Mercurio solitario que circula xélido polos corredores da Europa.

Dende a mesiña abomino da miña frivolidade ¿quen me deu permiso para anxeiar a paixón no medio da desgracia infinita que percorre o mundo? Tan absorbente como a capacidade de drogadicción da humanidade, esa habilidade nosa para os narcóticos. Somos seres aditivos cunha pérfida maquinaria que nos capacita tanto para xustificar a máis deplorable adicción como para prohibir aos outros o noso máis segredo vicio. Sendo sempre tan morais os nosos crimes como merecidas as nosas vítimas. Non me atrevería a confesar que me soñei disfrazada coas correaxes das xuventudes nazis, estragando xastrerías de nomes familiares, prendendo lume, fascinada, ao Reichstag, ou apedrando sinagogas. Non sería certo, pero puiden imaxinar un soño falso, e durmir a continuación ignorando o pesadelo, non son un deles, máis ben veño sendo dos outros, pero ata agora ignoraba non ser coma eles. Velaquí ese aquel que sempre me corrompe na imaxinación.

Tornarei ás Américas como a amante do cadáver exquisito que non soporta as dobres admiracións, o exceso do excesivo, a viaxeira temeraria, a xogadora da exactitude. Quero crer que ningunha xogadora profesional podería ser nazi, aínda que só sexa pola nosa desconfianza innata. Non hai farol que resista o que está por vir; coñezo demasiado o xogo para ignorar o previsible da xogada, o xesto impecable de quen está a cortar cabezas dende a prepotencia das barallas marcadas. Arderá Europa en lapas apocalípticas.

Para compensarnos, inventamos o máis fantasiosos dos abstractos que xamais poida ser invocado: creamos a Historia. Hoxe levo convosco tres anos. Tres anos que mallaron en min como tres lousas vampíricas, samesugas. A fe que non tornará ás Américas aquela que chegara tan lixeira, tan perfumada de Atlántico, senón que tornará a sombra resacosa que os sucesos, como eles din, ou a historia, fixeron de min. Tornará esta miña sombra na que todo é sospeita, temor e suspicacia. Cheguei nova, marcharei máis vella que a humanidade. Pero marcharei, sairei porque posúo un verosímil pasaporte que vén de tan lonxe como eu veño. Tamén porque xa teño un meu billete de avión que presinto como o máis definitivo do que ninguén arriscaría afirmar neste verán do trinta e oito. E fuxirei, eu que viña para quedar na casa, liscarei dos anos que levo mascando a traxedia do continente. Irei moito máis lonxe desa memoria que me pariu na espiral infinda das diásporas.

Todas as mesas do Metrópole teñen un tinteiro vermello envorcado sobre o tapete de fío branco. Como sangue sobre a neve da canícula. Algo que me devolve ao Dostoeievsky das noites brancas, do xogador no medio das noites aquelas, tan brancas como estas, tan neve xélida do verán. Sen arranque para todo canto hai de infinito, as paixóns brancas, inmaculadas, falsas, tan satisfactorias. Volteadas sobre pétalas das rosas de ninguén, das rosas de nada. Cisnes de pétalas, plumas servidas nos inicios do mirar as risas, ¿son femininas as pétalas do rir? Meu nome habitado pola casa do riso. Son eu ese riso, a rede que non preciso no trapecio. Dende que teño recordo de ser non hai azar que amorteza o meu existir.



Baixo o tapete xacen tres anos vivindo a inminencia da hecatombe sen que ningún día minguara a anguria da véspera e da véspera da véspera, nun crescendo que parece tender ao infinito. Tres anos perfeccionando o meu propio caddish. Hoxe non podoo creme en Lisboa, non podoo crerme salvada das augas, non eu.

O tempo parece querer vivir daquela mesma forma en que se adiviñan os cambios de rumbo no devalar do mazo da baralla. Sempre mellor, nestes casos, darse por servida, e non por favorecer o farol, senón polo impredecible dos ventos. A silueta que se debuxa na crista dunha montaña calquera. Tan ao lonxe.